De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 01.12.2023 ao 01.02.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 1 de decembro 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023. A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3806

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas OUTUBRO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 20.11.2023 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de outubro 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu

caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 29.11.2023 ata o 29.01.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 1 de decembro de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023. A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3807

MURAS

Anuncio

RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 989/2023

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

A aprobación da Lei 2/2003, do 20 de febreiro, reguladora das protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, supuxo a transposición da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección de persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (Directiva Whistleblowing).

A citada Lei 2/2003, do 20 de febreiro, obriga a todas as entidades locais a crear un sistema interno de información para recibir as denuncias, xestionalas, designar un órgano responsable do mencionado sistema interno, así como a establecer un procedemento para xestionar as informacións recibidas.

A norma anteriormente mencionada non se limita a contemplar a receptividade do referido despregamento e creación das correspondentes canles internas de información, senón que prevé un puntual marco temporal para o seu cumprimento. Así, a súa Disposición Transitoria Segunda establece que as entidades obrigadas contado cun sistema interno de información deberán implantalo no prazo máximo de tres meses a partir da súa entrada en vigor. Esta Lei 2/2023, do 20 de febreiro, foi publicada no Boletín Oficial do Estado do día 21 de febreiro de 2023. A súa Disposición Final Duodécima dispón a súa entrada en vigor conforme ao réxime xeral contemplado no artigo 2.1 do Código Civil, isto é, aos vinte días da súa completa publicación, polo que entrou en vigor o 13 de marzo de 2023.

En consecuencia, o prazo máximo para a implantación do sistema interno de información rematou o 13 de xuño de 2023. Con todo, a Disposición Transitoria segunda, polo que respecta ao Concello de Muras con 600 habitantes segundo últimos datos do INE, ampla este prazo ata o 1 de decembro de 2023.

Informados os traballadores do Concello de Muras o día 27.11.2023.

De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora das protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, en relación co artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a competencia para resolver corresponde á alcaldía.

Visto o informe emitido de Secretaría en data 30.11.2023 e en virtude das atribucións outorgadas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO

PRIMEIRO.- Apróbase a implantación dun Sistema interno de información para a recepción de, entre outros, información sobre ilícitos penais e infraccións administrativas graves ou moi graves, cumprindo así co establecido na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

SEGUNDO.- Aprobar a creación do sistema interno de información previsto no artigo 7 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, para o Concello de Muras.

TERCEIRO.- Aprobar o Protocolo do Sistema interno de información, e tendo en conta que non foi necesario introducir ningún matiz no mesmo, achégase como Anexo número I.

CUARTO.- Nomear responsable do sistema interno de información do Concello de Muras á Secretaria-Interventora, responsable da xestión do sistema interno de información e de tramitación de expedientes de investigación.

O órgano responsable do sistema desenvólvese as súas funcións de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos da entidade, non recibirá instrución de ningún tipo no seu exercicio, e dispoñerá de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

Infórmase que este nomeamento, así como, no seu caso, o cesamento, poñerá en coñecemento da Autoridade Independente de Protección do informante que, no seu caso, corresponda, a teor da Disposición Adicional cuarta da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Como responsable do sistema interno de información, estará obrigada a adoptar as medidas de protección de datos persoais previstas no título VI da Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

QUINTO.- Notificar a presente resolución á persoa designada como órgano responsable do sistema interno de información.

SEXTO.- Publicar no BOP de Lugo.

SÉTIMO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Alcalde

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

A Secretaria Interventora

Anexo 1

PROTOCOLO DE XESTIÓN DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN

1. OBXETO

O presente Protocolo ten como obxecto determinar a operativa a seguir para efectos de xestionar as comunicacións recibidas a través do Sistema interno de información do Concello de Muras, conforme a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

2. DEFINICIÓNS

- Sistema interno de información: vía de comunicación que habilita unha entidade para a detección de infraccións.
- Informante: persoa física que comunica información sobre infraccións obtida no contexto da súa actividade.
- Represalia: toda acción ou omisión, directa ou indirecta, que teña lugar nun contexto laboral, que estea motivada por unha comunicación interna e que cause ou poida causar prexuízos inxustificadas ao informante.
- Responsable do Sistema: responsable da recepción e xestión das comunicacións recibidas a través do Sistema interno de información do Concello de Muras

2. ¿QUÉ SE PODE COMUNICAR?

Poderanse comunicar a través do Sistema interno de información:

- Infraccións penais e administrativas graves e moi graves (dentro da lexislación española e, en todo caso, as que supoñan quebranto á Facenda Pública ou á Seguridade Social).
- Infraccións por accións contrarias á lexislación da Unión Europea que afecten os seus intereses financeiros ou incidan no seu mercado interior (actos do anexo da Directiva UE 2019/1937).

O Sistema interno de información será a canle preferente para informar sobre as accións ou omisións enumeradas anteriormente.

No caso de que un membro do Concello de Muras comunicase verbalmente unha infracción ao seu superior xerárquico, deberá igualmente poñer os feitos en coñecemento do Responsable do Sistema a través do Sistema interno de información.

A non comunicación dunha infracción a través do Sistema interno de información podería entenderse como unha transgresión da boa fe contractual e unha indisciplina ou desobediencia no traballo por parte da persoa traballadora en cuestión, sancionándose disciplinariamente dita conduta.

3. ¿QUÉN PODE COMUNICAR?

O Sistema interno de información poderá utilizarse por parte daquelas persoas que obtivesen información sobre infraccións nun contexto laboral ou profesional, comprendendo en todo caso:

- Persoal do Concello de Muras.
- Cargos electos
- Persoas traballadoras por conta allea.
- Persoas traballadoras autónomas.
- Persoas accionistas ou que formen parte do órgano de administración, dirección ou supervisión dunha entidade.
- Persoal voluntario, bolseiro e traballador en prácticas.
- Persoas que traballen para contratistas, subcontratistas e provedores do Concello de Muras

4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN

As persoas que comuniquen ou revelen infraccións a través do Sistema interno de información terán dereito a protección, sempre que concorran as circunstancias seguintes:

a) Teñan motivos razoables para pensar que a información achegada é veraz no momento da comunicación ou revelación, aínda cando non acheguen probas concluíntes, e que a citada información entra dentro do ámbito material de aplicación; ou

b) A comunicación ou revelación realizouse conforme os requirimentos previstos na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Quedan excluídas do dereito a protección aquelas persoas que comuniquen ou revelen:

a) Informacións contidas en comunicacións que fosen inadmitidas polo Sistema interno de información:

- Cando os feitos carezan de toda verosimilitud;
- Cando os feitos non sexan constitutivos de infracción administrativa grave ou moi grave ou infracción penal;
- Cando a comunicación careza manifestamente de fundamento ou existan indicios racionais de obterse mediante a comisión dun delito. Neste último caso, alén da inadmisión, remitiranse ao Ministerio Fiscal os feitos constitutivos de delito; e
- Cando a información non conteña información nova e significativa sobre infraccións en comparanza cunha comunicación anterior respecto da cal concluíron os correspondentes procedementos, a menos que se dean novas circunstancias que xustifiquen un seguimento distinto.

b) Informacións vinculadas a reclamacións sobre conflitos interpersoais.

c) Informacións que xa estean completamente dispoñibles para o público ou que sexan meros rumores.

Non se tolerará a adopción de ningún tipo de represalia contra o informante que decida facer uso do Sistema interno de información de boa fe, podéndose unicamente sancionar un uso indebido deste último consistente na interposición de comunicacións falsas, infundadas e/o unicamente co propósito de calumniar, difamar ou prexudicar a terceiros. Para ese efecto, o Concello de Muras resérvase o dereito de adoptar as medidas apropiadas contra calquera persoa que adopte actos de represalia contra un informante.

Entenderanse por represalias, a modo exemplificativo:

a) Suspensión do contrato de traballo, despedimento ou extinción da relación laboral ou estatutaria, incluíndo a non renovación ou o remate anticipado dun contrato de traballo temporal unha vez superado o período de proba, ou remate anticipado ou anulación de contratos de bens ou servizos, imposición de calquera medida disciplinaria, degradación ou denegación de ascensos e calquera outra modificación substancial das condicións de traballo e a non conversión dun contrato de traballo temporal nun indefinido, no caso de que o traballador tivese expectativas lexítimas de que se lle ofrecería un traballo indefinido; agás que estas medidas levasen a cabo dentro do exercicio regular do poder de dirección ao amparo da lexislación laboral ou reguladora do estatuto do empregado público correspondente, por circunstancias, feitos ou infraccións acreditadas, e alleas á presentación da comunicación.

b) Danos, incluídos os de carácter reputacional, ou perdas económicas, coaccións, intimidacións, acoso ou ostracismo.

c) Avaliación ou referencias negativas respecto ao desempeño laboral ou profesional.

d) Inclusión en listas negras ou difusión de información nun determinado ámbito sectorial, que dificulten ou impidan o acceso ao emprego ou a contratación de obras ou servizos.

e) Denegación ou anulación dunha licenza ou permiso.

f) Denegación de formación.

g) Discriminación ou trato desfavorable ou inxusto.

A persoa informante que considere que se tomou algún tipo de represalia na súa contra como consecuencia de formular unha comunicación a través do Sistema interno de información, deberá poñelo en coñecemento do Responsable do Sistema, que analizará o caso e resolverá se é necesario adoptar medidas adecuadas para corrixir a situación.

A prohibición de represalias non obstará á aplicación de medidas disciplinarias en caso de constatare que se formulou unha comunicación manifestamente falsa e para perxudicar a un terceiro.

5. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

5.1. Interposición

Sempre que resulte posible, a comunicación a través do Sistema interno de información deberá incluír:

- unha descrición detallada dos feitos acontecidos e a forma na que o informante tivo o seu coñecemento;
- data e lugar no que aconteceu o feito;
- nomes e cargos das persoas implicadas ou elementos que poidan permitir a súa identificación;
- nomes doutras persoas que poidan informar sobre o feitos obxecto da comunicación; e
- referencia a calquera documento que poida confirmar que ocorreron os feitos comunicados.

5.2. Recepción e avaliación

O Responsable do Sistema do Concello de Muras será un órgano unipersonal, que pola propia configuración interna/organigrama do Concello de Muras recaerá no seguinte membro: - Secretaría-Intervención.

A Secretaría-Intervención será responsable da xestión do sistema interno de información e de tramitación de expedientes de investigación.

No momento de recibir unha comunicación, procederase ao xustificante de recepción da mesma ao informante nun **prazo máximo de 7 días naturais** a partir da súa recepción.

Posteriormente, o Responsable do Sistema, realizará un exame preliminar para verificar a entidade, suficiencia e verosimilitud dos feitos comunicados, determinando se os mesmos poden ser considerados como “infracción” susceptible de ser comunicada a través do Sistema interno de información, consonte o establecido no presente Protocolo ou, por contra, debe desestimarse dita comunicación.

No caso de que a comunicación afectase persoalmente o Responsable do Sistema e situáseo nunha situación de conflito de intereses, este absterase de participar no proceso de xestión da comunicación. En consecuencia, darase traslado da denuncia á Autoridade Independente de protección do denunciante para tratar o caso.

Se se detectase que a comunicación contén defectos formais ou materiais, outorgarase ao informante un prazo de 10 días hábiles para emendar o defecto en cuestión. Doutra banda, se o Responsable do Sistema considerase que a información comunicada é insuficiente, solicitará ao informante que, no citado prazo de tempo, proceda á súa ampliación, detallando os aspectos concretos que deban ser ampliados.

Realizado o exame preliminar da comunicación, mediante o levantamento de acta motivada, o Responsable do Sistema:

a) admitirá a comunicación e:

- trasladarase ao informante as medidas previstas ou adoptadas para xestionar a súa comunicación e sobre os motivos de ditas medidas.

b) inadmitirá a comunicación e procederá ao seu arquivo inmediato cando:

- os feitos reportados non sexan considerados “infracción” susceptible de ser comunicada a través do Sistema interno de información;
- superado o prazo concedido, o informante non observase os requirimentos do Responsable do Sistema de corrección ou ampliación do contido da comunicación;
- os feitos comunicados xa estean a ser investigados; ou
- a comunicación é considerada non pertinente ou improcedente;

Admitida a comunicación, o Responsable do Sistema rexistraraa, deixando constancia dos seguintes extremos:

- Número identificativo da comunicación;
- Data da recepción e xustificante de recepción;
- Resumo dos feitos;
- Informe final da investigación interna, no seu caso; e
- Resolución da comunicación.

5.3. Investigación interna e resolución

Atendendo ao resultado do exame preliminar, o Responsable do Sistema determinará se é necesario incoar un procedemento de investigación interna ou se, polo contrario, a resolución da comunicación non require a súa adopción.

En caso de realizar unha investigación interna, esta integrará cantas dilixencias considérense necesarias para o esclarecemento dos feitos comunicados e a identificación dos responsables, manténdose a formalidade de dar trámite de audiencia ás partes implicadas e sempre respectando os seus dereitos fundamentais.

A presente fase integrará, pero non se limitará, a realizar entrevistas coas persoas implicadas, solicitar probas documentais e/o videográficas, verificación de rexistros públicos, entre outros. En todo caso, informarase a persoa afectada das accións ou omisións que se lle atribúen, e terá dereito a ser oída no proceso de investigación, deixándose en acta as achegas que realice.

A resolución da comunicación realizarase nun prazo de tempo razoable, que non poderá ser superior a **tres (3) meses** desde o xustificante de recepción (ampliable a seis (6) meses ao tratarse dun caso de especial dificultade).

A resolución realizada polo Responsable do Sistema farase chegar tanto á parte informante como é a parte afectada.

Se se detectase que os feitos comunicados son punibles, e sempre que a persoa infractora sexa traballadora da organización, aplicarase a sanción disciplinaria que corresponda.

En caso de considerarse que o feitos obxecto de investigación poden ser constitutivos de delito, remitirase a información ao Ministerio Fiscal con carácter inmediato. Así mesmo, no caso de que os feitos afecten os intereses financeiros da Unión Europea, remitirase á Fiscalía Europea.

6. CANAL EXTERNO DE INFORMACIÓN.

Calquera persoa poderá informar ante a Autoridade Independente de Protección do Informante (en diante, A.A.I.), ou ante as autoridades ou órganos autonómicos correspondentes, da comisión de calquera acción ou omisión incluídas no apartado segundo do presente documento.

7. CONFIDENCIALIDADE

Calquera persoa que presente unha comunicación ou leve a cabo unha revelación pública ten dereito a salvagardar a súa identidade.

En caso de revelarse a identidade do informante, a mesma soamente poderase comunicar á Autoridade Xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, comunicarase ao informante que se revelará a súa identidade con carácter previo á súa revelación, agás que dita información puidese comprometer a investigación ou o procedemento xudicial.

Destacar que, cando a comunicación do informante realícese por canles que non sexan os establecidos ou a membros do persoal que non sexan os responsables do seu tratamento, o receptor deberá enviar a comunicación ao Responsable do Sistema con carácter obrigatorio e o máis axiña posible.

O incumprimento desta medida pode supoñer unha infracción moi grave.

8. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Os datos que sexan obxecto de tratamento conservaranse unicamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos denunciados. En caso de acreditarse que a información facilitada ou parte dela non é veraz, procederase á súa inmediata supresión desde o momento en que se teña constancia desta circunstancia, agás que a falta de veracidade poida constituír un ilícito penal, nese caso gardarase a información polo tempo necesario durante o que se tramite o procedemento xudicial.

En todo caso, transcorridos tres meses desde a recepción da comunicación sen que se iniciaron actuacións de investigación, procederase á supresión dos datos, agás que a finalidade da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento do sistema.

As comunicacións ás que non se deu curso conservaranse de forma anonimizada, sen que sexa de aplicación a obrigación de bloqueo prevista no artigo 32 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

- Responsable: Concello de Muras

- Finalidade: utilizamos os seus datos para atender as comunicacións formuladas a través do Sistema interno de información e poder emitir unha resolución.
- Lexitimación: o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.
- Destinatarios: os seus datos serán tratados polo Responsable do Sistema e o delegado de protección de datos. Será lícito o tratamento dos datos por outras persoas, ou mesmo a súa comunicación a terceiros, cando resulte necesario para a adopción de medidas correctoras na entidade ou a tramitación dos procedementos sancionadores ou penais que, no seu caso, procedan.
- Dereitos: ten dereito a acceder, rectificar, suprimir, opoñerse, limitar e solicitar a portabilidade dos seus datos persoais. No caso de que a persoa á que se refiran os feitos relatados na comunicación ou á que se refira a revelación pública exercese o dereito de oposición, presumirase que, agás proba en contrario, existen motivos lexítimos imperiosos que lexitiman o tratamento dos seus datos persoais

Muras, 30 de novembro de 2023.- O alcalde, Manuel Requejo Arnejo.

R. 3808

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 27 de novembro de 2023, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 5º bimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de decembro ata o 15 de decembro de 2023. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas do municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, a 27 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3809

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2023, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 3º TRIMESTRE DE 2023.**

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de decembro de 2023 ó día 31 de xaneiro de 2024, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 30 de novembro de 2023.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 3810

O VICEDO

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto punto 6 das “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022; e, rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos selectivos,

RESOLVO

Primeiro.- Prestar aprobación á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de LIMPADORA CASA CULTURA E OUTROS (XORNADA 70%), con indicación das causas de exclusión e si son emendables ou non.

ADMITIDOS			
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	OBSERVACIÓNS (non excluíntes)*
FERNÁNDEZ GARCÍA, MARÍA SOL	***9682**	SÍ	
SOLLOSO VALE, MARÍA ISABEL	***5314**	SÍ	

EXCLUIDOS				
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO (emendable pero non excluínte)	MOTIVO DA EXCLUSIÓN (emendables)	OBSERVACIÓNS (emendable pero non excluíntes)*
DOCE FOJÓN, EMILIO JOSÉ	***3403**	Solicitud rexistrada fóra do prazo de presentación de instancias (non emendable)		

*Neste apartado Observacións (non excluíntes) recóllense os méritos que poden ser obxecto de subsanación polas persoas interesadas, sen que implique en ningún caso que os mesmos vaian a ser obxecto de valoración na fase de concurso polo Tribunal de cualificación.

Segundo.- Contra esta resolución que aproba a lista provisional as persoas aspirantes poderán presentar alegacións nun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, segundo o establecido no punto 6 das bases xerais que regula o proceso selectivo.

Terceiro.- Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 1 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3787

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto punto 6 das “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022; e, rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos selectivos,

RESOLVO

Primeiro.- Prestar aprobación á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de LIMPADORA CASA DO CONCELLO E OUTROS (XORNADA 100%), con indicación das causas de exclusión e si son emendables ou non.

ADMITIDOS			
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	OBSERVACIÓNS (non excluíntes)*
FERNÁNDEZ GARCÍA, MARÍA SOL	***9682**	SÍ	
SOLLOSO VALE, MARÍA ISABEL	***5314**	SÍ	

EXCLUIDOS				
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO (emendable e non excluínte)	MOTIVO DA EXCLUSIÓN (emendables)	OBSERVACIÓNS (emendable e non excluíntes)*
SOTO SOTO, MARÍA EMMA	***4732**	A documentación presentada non é orixinal ou copia electrónica auténtica.	-Anexo I sin asinar. -DNI non está en orixinal ou copia electrónica auténtica.	-Toda a formación debe estar en orixinal ou copia electrónica auténtica. -Falta certificado servizos prestados da experiencia en sociedade estatal correos.
FERRO RIVERA, FÁTIMA	***3833**	A documentación presentada non é orixinal ou copia electrónica auténtica.	-Anexos non son orixinal ou copia electrónica auténtica. -DNI non está en orixinal ou copia electrónica auténtica.	-Toda a formación debe estar en orixinal ou copia electrónica auténtica.
DOCE FOJÓN, EMILIO JOSÉ	***3403**	Solicitud rexistrada fóra do prazo de presentación de instancias (non emendable).		

*Neste apartado Observacións (non excluíntes) recóllense os méritos que poden ser obxecto de subsanación polas persoas interesadas, sen que implique en ningún caso que os mesmos vaian a ser obxecto de valoración na fase de concurso polo Tribunal de cualificación.

Segundo.- Contra esta resolución que aproba a lista provisional as persoas aspirantes poderán presentar alegacións nun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, segundo o establecido no punto 6 das bases xerais que regula o proceso selectivo.

Terceiro.- Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 1 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3788

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto punto 6 das “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022; e, rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos selectivos,

RESOLVO

Primeiro.- Prestar aprobación á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de PEÓN RECOLLIDA LIXO, con indicación das causas de exclusión e si son emendables ou non.

ADMITIDOS			
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	OBSERVACIÓNS (non excluíntes)*
CALVO GASALLA, MARCOS	***8335**	SÍ	
BALTAR MARTÍNEZ, PABLO	***8156**	SÍ	-Falta folla 2 de 2 acreditación ciclo formativo “Xestión administrativa”. -Falta folla 1 de 4 acreditación ciclo formativo “Soldadura e caldeireiría”

EXCLUÍDOS				
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO (emendable pero non excluínte)	MOTIVO DA EXCLUSIÓN (emendables)	OBSERVACIÓNS (emendable pero non excluíntes)*
PÉREZ CASTIÑEIRAS, VIRGINIA	***2919**	SÍ	Anexo I incompleto	
SOTO SOTO, MARÍA EMMA	***4732**	A documentación presentada non é orixinal ou copia electrónica auténtica.	DNI non está en orixinal ou copia electrónica auténtica	- Toda a formación debe estar en orixinal ou copia electrónica auténtica. - Falta certificado servizos prestados da experiencia en sociedade estatal correos.
DOCE FOJÓN, EMILIO JOSÉ	***3403**	Solicitud rexistrada fora do prazo de presentación de instancias (non emendable)		

*Neste apartado Observacións (non excluíntes) recóllense os méritos que poden ser obxecto de subsanación polas persoas interesadas, sen que implique en ningún caso que os mesmos vaian a ser obxecto de valoración na fase de concurso polo Tribunal de cualificación.

Segundo.- Contra esta resolución que aproba a lista provisional as persoas aspirantes poderán presentar alegacións nun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, segundo o establecido no punto 6 das bases xerais que regula o proceso selectivo.

Terceiro.- Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 1 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3789

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co disposto punto 6 das “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o

ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre," publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022; e, rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos selectivos,

RESOLVO

Primeiro.- Prestar aprobación á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de PEÓN-CONDUTOR, con indicación das causas de exclusión e si son emendables ou non.

ADMITIDOS				
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	OBSERVACIÓNS (non excluíntes)*	
GÓMEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL	***9921**	SÍ		
EXCLUÍDOS				
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO DA EXCLUSIÓN (emendables)	OBSERVACIÓNS (non excluíntes)*
PÉREZ CASTIÑEIRAS, VIRGINIA	***2919**	SÍ	Anexo I incompleto e sin asinar	

*Neste apartado Observacións (non excluíntes) recóllense os méritos que poden ser obxecto de subsanación polas persoas interesadas, sen que implique en ningún caso que os mesmos vaian a ser obxecto de valoración na fase de concurso polo Tribunal de cualificación.

Segundo.- Contra esta resolución que aproba a lista provisional as persoas aspirantes poderán presentar alegacións nun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, segundo o establecido no punto 6 das bases xerais que regula o proceso selectivo.

Terceiro.- Publicar esta resolución no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 1 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3790

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 24 de novembro de 2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de OUTUBRO de 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos serán lles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 24 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R.3791
